

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE RELATIVO Á UTILIZACIÓN DE
DETERMINADAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS DA RESIDENCIA XUVENIL
FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS E PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DE
ACTIVIDADES DEPORTIVAS ENTRE A XUVENTUDE**

En Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, en virtude do seu cargo de conselleira de Política Social, para o que foi nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, do normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 e de conformidade có establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

E doutra parte, o Sr. José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación Provincial de Ourense, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español

as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo.- Que a Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude segundo o disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Entre as súas competencias está a de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.

Terceiro.- Que a Deputación Provincial de Ourense e a Consellería de Política Social están interesados en establecer as canles de colaboración necesarias para a promoción do deporte entre a xuventude, aumentando a calidade dos sistemas de apoio destinados ás actividades de mozos e mozas.

Cuarto.- Que a Consellería de Política Social está interesada en apoiar e promocionar o deporte entre a xuventude, contando cos medios necesarios para dar aloxamento e manutención aos deportistas, sempre que sexa compatible coa finalidade das súas residencias xuvenís.

Polo exposto, as partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Deputación Provincial de Ourense para a promoción da práctica de actividades deportivas entre a xuventude, acollendo a un máximo de cinco (5) deportistas.

Segunda. *Obrigas da Deputación Provincial de Ourense*

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a facilitar o uso das canchas das instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola administración provincial aos mozos e mozas residentes na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, centro dependente da Consellería de Política Social. Para iso, previa solicitude, poderá bonificar ata un 90% o prezo público aplicable, segundo o procedemento previsto no artigo 5 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo de deportes Paco Paz e noutras instalacións deportivas.

O uso das instalacións por parte dos residentes efectuarase previa solicitude, no horario mais axeitado, previo informe favorable do Servizo de Deportes da Deputación e sen interceder na dinámica propia dos centros deportivos.

Terceira. Obrigas da Consellería de Política Social

A Consellería de Política Social comprométese a facilitar aloxamento e manutención en réxime de pensión completa aos 5 mozos e mozas deportistas que seleccione a Deputación Provincial de Ourense. O aloxamento e manutención será na residencia xuvenil de titularidade autonómica Florentino López Cuevillas, sita na rúa Arturo Pérez Serantes, n.º 2, na cidade de Ourense. En todo caso, os períodos de estancia destes 5 mozos/as estarán suxeitos ao funcionamento regular da residencia xuvenil.

Ambos os dous conceptos de aloxamento e manutención por parte da Consellería de Política Social non supoñen incremento algún de custo orzamentario, pois supoñen prestacións que conforman as actuacións ordinarias de funcionamento das residencias xuvenís adscritas.

Para o caso de que se cubran todas as prazas ofertadas na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas, os/as deportistas que se aloxen no centro deberán facelo compartindo habitación con algún dos estudantes residentes.

Cuarta. Obrigas dos/as mozos/as deportistas.

Os mozos e mozas que se acollan na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas deberán respectar e cumprir en todo momento as normas de réxime interno do centro, non interferir ou alterar o normal desenvolvemento da convivencia no centro e participar, na medida do posible, nas actividades organizadas pola propia residencia. En caso contrario e previo apercibimento a dirección do centro poderá determinar a expulsión nas mesmas condicións que calquera outro residente.

Quinta. Desperfectos e/ou danos

Os desperfectos e/ou danos que ocasionen os/as deportistas acollidos ao abeiro deste convenio nas respectivas instalacións serán custeados por eles mesmos, e subsidiariamente, pola administración deles responsable.

Sexta. Comisión de seguimento

Constituírase unha comisión mixta que levará acabo o seguimento do presente convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir. Esta comisión terá a seguinte composición:

- O/a director/a xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, ou persoa en quen delegue.
- O presidente da Deputación de Ourense, ou persoa en quen delegue.
- Un/ha secretario/a, con voz pero sen voto, que será un funcionario/a da xefatura territorial da Consellería de Política Social de Ourense.

A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes e estará presidida polo/a director/a xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, ou persoa en quen delegue. Ambas as dúas partes poderán acudir con funcionarios/as asesores, con voz pero sen voto.

Sétima. Resolución do convenio

As partes poderán denunciar e resolver o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo ou por incumprimento de calquera das súas cláusulas.

Oitava. Vixencia do convenio

A vixencia do presente convenio será dende o día seguinte da súa sinatura ata o remate o curso académico 2018/2019 (xullo 2019), prorrogable para o seguinte curso académico 2019/2020 (de setembro a xullo) se ao vencemento do prazo unha das partes non notificara á outra por escrito e antes do seu vencemento a súa vontade de non prorrogar.

Novena. Natureza do convenio

O presente convenio terá natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel, así como o estipulado na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación supletoria os principios inspiradores da citada Lei 9/2017, sendo competente a xurisdición contencioso-administrativa para coñecer de todas aquelas cuestións litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

Décima. Publicidade

A Deputación Provincial de Ourense consinte en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios o presente convenio, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno–e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social informará na súa páxina web oficial da subscrición do presente convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Un décima. Consentimento para a publicación de datos

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.

A fin de darlle a publicidade esixida ao convenio, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito no presente convenio a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou reiterar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na

normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan por triplicado exemplar o presente convenio no lugar a data sinalados no encabezamento.

A conselleira de Política Social

**O presidente da Deputación Provincial
de Ourense**

Fabiola García Martínez

José Manuel Baltar Blanco